

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para potenciar o uso do idioma galego.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizou coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangueu dende o 4 de abril ata 30 de novembro de 2016.

Que o instrumento convencional tivo por obxecto establecer as bases polas que se rexeu a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universidade de Vigo para colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas para prestixiar e promover no ensino universitario a estima do galego como feito diferencial da nosa comunidade autónoma. As partes colaboraron na realización dun programa de actuacións orientadas a promover un maior nivel de galeguización das universidades galegas, tanto na docencia, investigación e alumnado como no que se refire a relacións extra académicas.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundamentouse no seguinte:

Ambas as institucións consideraron como referente normativo básico da súa actuación o artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia e o artigo 15 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, segundo os que o profesorado e o alumnado no nivel universitario teñen o dereito de empregar a lingua oficial da súa preferencia. Que o Goberno galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para



normalizar o uso do galego no ensino universitario e facer efectivo este dereito ao alumnado.

Así mesmo foron conscientes da responsabilidade que teñen de colaborar no proceso normalizador, así como na implantación das medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, destinadas a promover un maior nivel de galeguización no ámbito universitario, tanto na docencia e investigación como no que se refire ás relacións extra académicas.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinou convenios de colaboración coas tres universidades galegas coa finalidade de promover e fomentar o uso do galego en todos os planos da actividade universitaria galega, para o que se levaron a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos sociais compartidos polas partes asinantes, cara á formación do persoal, tanto profesorado como alumnado e de administración e servizos, co fin de conseguir normalizar a presenza da lingua galega na Universidade de Vigo.

Que a imposibilidade de promover a concorrencia pública quedou xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades desenvoltas pola citada universidade ao abeiro deste convenio, xa que, o seu obxecto respondeu á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e a cultura galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluiron o ánimo de lucro, e non puideron satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de setembro de 2017.

